PAIXÓN X FERROL

NÚMERO 16 - DECEMBRO 2025



# A caridade, nota común nos actos de Nadal das confrarías

A caridade é un ano máis o obxectivo presente en todos os actos que organizan as confrarías penitenciais de Ferrol durante as celebracións de Nadal. Abriron Nacementos as irmandades da Mercé, Angustias e Soidade, na mesma liña que anos anteriores e sempre con recollida de doazóns en metálico, xoguetes ou alimentos. Dolores puxo desta volta un Belén monumental na súa sede canónica, con imaxes dos seus pasos, e a Irmandade do Santo Enterro celebrou o seu Café Solidario, un acto moi arraigado na cidade no que de novo brillou a xenerosidade da sociedade ferrolá. Todas as confrarías uníronse un ano máis na celebración da Luz de Belén. • Pax. 4 e 5

# Isidoro Valerio pregoará a unidade que concita a Semana Santa de Ferrol

O xornalista Isidoro Valerio, director desde hai anos do programa Voces de Ferrol, será o pregoeiro da Semana Santa de Ferrol. Segundo comenta, no mes e medio transcorrido desde que se fixo público que el asumiría a tarefa, non hai día no que alguén non lle felicite e lle faga consciente da transcendencia do acto. Está xa a pensar e escribir para tratar de plasmar o que significa a Paixón ferrolá, un evento que, segundo destaca, une e contaxia á xente independentemente da súa fe ou devoción. • Pax. 7

## "Inaxete" é o autor da imaxe da Semana Santa Ferrolá de 2026

Ignacio del Moral "Inaxete" é o autor da fotografía do Cristo Redentor, da Confraría da Mercé, que vai ilustrar o cartel da Semana Santa Ferrolá de 2026. O fotógrafo, que xa en 2018 asinara o cartel protagonizado pola Virxe das Angustias, é un asiduo das procesións. • Pax. 2

## O Vía Crucis da Xunta de Confrarías será o 27 de febreiro

A Xunta de Confrarías celebrará o Vía Crucis o 27 de febreiro, presidido pola imaxe mercedaria de Xesús da Humildade. Con este acto complétase o calendario de actos previos á Semana Santa de 2026. • Pax.2

## Doazón cun óleo de Castro Estévez á irmandade das Angustias

Pax. 6

## Recoñecemento das asociacións de veciños á Semana Santa Ferrolá

Pax. 6

# Una fotografía de Ignacio del Moral para el cartel de la Semana Santa de Ferrol 2026



Una fotografía de Ignacio del Moral Gómez, el conocido "Inaxete", ilustrará el cartel de la Semana Santa de Ferrol 2026. Se trata de una imagen del Cristo Redentor de la Cofradía de la Merced, portado directamente sobre su cruz y tomada un Miércoles Santo. Se cumplirá el próximo año el centenario de esta emblemática talla del imaginero gallego José Rivas, por lo que el concurso convocado por la hermandad para elegir la imagen del cartel propuso al Redentor como tema.

Ignacio del Moral es madrileño de nacimiento, aunque llegó a Ferrol con 6 o 7 años, por el destino de su padre y ha vivido en la ciudad o sus alrededores toda su vida. Trabajó en Astano y se aficionó a la cámara en la época de la reconversión. La vinculación de su mujer y su hija a la Cofradía de la Merced y al Tirso le movieron a hacer fotos de las procesiones y desde hace años es un asiduo de todos los actos de las cofradías, a los que cede desinteresadamente sus fotos y sus vídeos. No es la primera vez que una obra suya es elegida para ilustrar el cartel de la Semana Santa. La imagen de Nuestra Señora de las Angustias de 2018 también salió de su cámara. •

## Jesús de la Humildad encabezará el Vía Crucis de la Junta, el 27 de febrero

La imagen de Nuestro Padre Jesús de la Humildad, de la Cofradía de la Merced, protagonizará el Vía Crucis organizado por la Junta General de Cofradías y Hermandades durante la próxima Cuaresma. El acto se celebrará el 27 de febrero, viernes, fecha con la que se completa el calendario de actos que la Junta programa en el preámbulo de cada Semana Santa. El turno establecido entre las hermandades para marcar qué sede canónica acoge el rezo de las estaciones y aporta la imagen que protagoniza la posterior procesión recae este año en la Merced y en la imagen de Jesús de la Humildad, presentada y bendecida en marzo de 2024. La figura, realizada por la artista gaditana Ana Rey, procesiona desde aquel año en la tarde del Jueves Santo junto a la talla de Judas.



### Actos Previos Semana Santa 2026

| | |
|---|---|
| Presentación del cartel | 16 Enero |
| Vía Crucis | 27 Febrero |
| Lectura del Pregón | 6 Marzo |
| Presentación del procesionario y la revista Ecce Homo | 13 Marzo |

# César Carreño y José Manuel Evia recibirán la Medalla de Oro de la Junta de Cofradías

En 2026 la Junta General de Cofradías entregará su Medalla de Oro a dos personas, en ambos casos a título particular, por su trabajo y dedicación en favor de la Semana Santa de Ferrol. Se trata de César Carreño Yáñez, presidente de la Junta de Cofradías entre 2014 y 2025, y de José Manuel Evia Gende, hermano mayor de la Cofradía de la Soledad durante más de 30 años.

Así se decidió, por unanimidad, en la reunión que la Junta de Cofradías

**La entrega será en el teatro Jofre, con la lectura del pregón, el 6 de marzo**

celebró el pasado 14 de octubre. La Medalla de Oro de la Junta de Cofradías es una distinción que la entidad otorga, a título particular o colectivo, en el caso de instituciones o entidades, para reconocer un destacado servicio a la Semana Santa de Ferrol. Con anterioridad fue concedida al vicealmirante Ignacio Frutos, a Alfredo Martín, al Tercio Norte de Infantería de Marina y a la Coordinadora de Cofradías, en las personas de Mario Villaamil, Félix Sande y Meca Arcos, que la presidieron. Carreño y Evia recibirán este reconocimiento en el acto de lectura del pregón, el próximo 6 de marzo. •





# El coro ferrolano Concerto Tempo pondrá la guinda musical al acto de la lectura del pregón

El coro Concerto Tempo, que en el mes de septiembre de 2026 cumplirá 20 años, pondrá la guinda musical en la lectura del pregón de la Semana Santa de Ferrol que se celebrará el 6 de marzo en el Jofre. La formación, que ya había actuado hace años en el mismo acto, aunque en aquella ocasión en la concatedral de San Julián, está ya pensando en el repertorio que interpretará en dicha ocasión.

Su director, José Antonio García Mato, adelanta que será variado, con piezas de diferentes épocas y estilos, y que incluirá la habanera "Miña terra", escrita por él mismo y que el coro estrenó este mismo noviembre en el certamen organizado por la Federación Coral Galega (Fecoga). Concerto Tempo obtuvo el primer premio en dicho certamen, reconocimiento que suma a otros a lo largo de estas dos décadas. En 2023 obtuvo el primer premio del VIII Certame Coral de Arbo, en Pontevedra. Cabe señalar también que en la Semana Santa de 2022 interpretó junto al Ensemble Barroco de Ponferrada el Gloria de Vivaldi, en sendos conciertos celebrados en la Basílica de Nuestra Señora de la Encina (Ponferrada) y en San Martiño Pinario (Santiago).•



# O Belén, símbolo da aventura da salvación

Hai un par de semanas o Papa León XIV subliñou a importancia de manter a tradición e montar o Belén: "recórdanos que formamos parte dunha marabillosa aventura de salvación na que nunca estamos sós", dixo. En Ferrol, un ano máis, varias confrarías entregáronse á tarefa de construír o seu Nacemento e mantelo aberto para delicia de maiores e pequenos durante estas festas.

A Mercé foi a primeira en inaugurar o seu, de novo no 42 da rúa Dolores. Na súa apertura, o día 28 de novembro, serviuse un chocolate solidario e soaron as voces do Coro Mosaico. De novo está a ter unha fantástica acollida o xogo de descubrir na montaxe varias figuras concretas entre as que está San Pedro Nolasco, un capuchón da Mercé, un gato que xoga cun rato ou pezas máis pequenas como uns caracois.

Tamén contou con capítulo musical a inauguración do Belén da Confraría das Angustias, que este ano abriu no 70 da rúa Galiano. A rondalla Añoranzas ofreceu varias pezas no local antes de marchar ao santuario de Esteiro para participar no concerto de Nadal, no que a irmandade contou tamén coa actuación do coro Dicindo Cantares.









## A caridade é a nota común ao traballo das confrarías durante estas datas

Nenos e nenas poden buscar igualmente aquí figuriñas agochadas polo Nacemento, que ten como notas singulares os botóns que os visitantes poden premer para acender diferentes luces ou facer que se escoiten os animais. Un ano máis, a montaxe incorporou pictogramas para facilitar a súa comprensión por parte de nenos autistas.

A Confraría da Soidade inaugurou o seu Belén o 6 de decembro no número 60 da rúa Real. Varias figuras teñen movemento nesta montaxe, na que podemos escoitar unha gravación coas pasaxes bíblicas que relatan a viaxe de Xosé e María ata o portal e a chegada dos Reis Magos.

A Confraría de Dolores montou este ano un Belén de tipo monumental, con figuras de tamaño real, no interior da igrexa de Amboage.

O bispo diocesano de Mondoñedo-Ferrol, Fernando García Cadiñanos, non faltou ao seu percorrido polos pesebres das confrarías. Fixo a visita o pasado día 19 comezando polo da Orde Terceira, o emblemático Belén de Alfredo Martín.

A caridade é a nota común ao traballo das confrarías de Ferrol durante estas datas. En todos os Beléns abertos ao público recóllense alimentos ou xoguetes, fondos para destinar ás persoas desfavorecidas.

# A Irmandade do Santo Enterro celebrou con grande éxito o seu Café Solidario





A Irmandade do Santo Enterro celebrou o pasado sábado 20 de decembro o Café Solidario, un dos actos de máis tradición en Ferrol dado que as Damas Protectoras o organizaron por primeira vez no ano 1988 e vai camiño de cumprir catro décadas.

O Casino Ferrolán encheuse de xente, familias enteiras, amigos e amigas que acudiron a compartir unha tarde de diversión e a facer unha boa obra, xa que o diñeiro recadado vai ir destinado á Cociña Económica e ao Banco de Alimentos Rías Altas.

A confraría publicou xa a cantidade que se reuniu nesta ocasión, un total de 2.945€ que servirán para aliviar ás necesidades das familias necesitadas da zona, a través das dúas entidades nomeadas. As organizadoras -porque as mulleres seguen a levar o peso desta actividade-destacan a gran colaboración de comercios e empresas de Ferrol, que durante as semanas anteriores fixeron xenerosas doazóns. Tamén de persoas que manteñen o anonimato pero que entregaron preciosos agasallos.

Todo foi sorteado, gardando os lotes máis cobizados para o remate, nun encontro que desbordou ledicia e xenerosidade.

Entre os participantes estivo tamén este ano o bispo diocesano, Fernando García Cadiñanos. •

# A Luz de Belén espallouse un ano máis por Ferrol

O sacerdote Cándido Otero presidiu a celebración da Luz da Paz de Belén, un acto que el mesmo organizou un ano máis como delegado diocesano de Confrarías e que, de novo, foi unha ocasión para compartir ledicia e bos desexos.

Desta volta a cita foi no santuario da Orde Terceira, circunstancia que Otero aproveitou para recordar a San Francisco, creador do primeiro Belén e de cuxa morte se van cumprir 800 anos en 2026. A capela estaba chea de persoas que acudiron coas súas candeas para recibir a chama procedente de Belén, do lugar no que naceu Xesús.

A tradición de espallar polo mundo a chama que simboliza a Paz foi iniciada polos Scouts de Austria, que hai máis de 20 anos foron prendela por primeira vez na gruta do Nacemento, en Belén. Hai varios anos que chega tamén a Ferrol. •



# Dolores celebrou os 275 anos da constitución dos servitas en Ferrol

O pasado 6 de decembro cumpríronse 275 anos da constitución da Congregación dos Servitas en Ferrol, no oratorio da antiga igrexa parroquial de San Xiao. Aquel acto, celebrado aos pés da imaxe da Virxe de Dolores, está directamente vencellado á historia da actual Confraría de Dolores, que celebrou a efeméride subliñando a súa historia como referente relixioso e cultural de Ferrol, parte da identidade do barrio da Magdalena e o seu papel como ponte entre a vila naval do século XVIII e o Ferrol actual.



A irmandade organizou unha vixilia, na noite do 5 de decembro, e unha misa de acción de gracias o día 6, para conmemorar esta efeméride tan importante.

Por outra parte, a Confraría de Dolores aprobou na asemblea celebrada o

## A Confraría aprobou e contratou a obra de restauración do manto da súa titular

18 de outubro a restauración do manto da Virxe de Dolores, unha peza emblemática que data da primeira parte da década de 1940. O proxecto aprobado é o de Cyrta-Textil, unha empresa especializada que garante conservación, respecto polo orixinal e mínima intervención. A irmandade abriu unha recadación de fondos para financiar a actuación. •

## Premio Gregorio Baudot de la SAF para Acotaga

A Sociedade Artística Ferrolá (SAF) concedeu este ano o seu premio da música, que leva o nome de Gregorio Baudot, á Asociación Cultural Acotaga. A formación musical, estreitamente ligada á Semana Santa de Ferrol e en particular á Confraría da Mercé, agradeceu o recoñecemento cun pequeno concerto o pasado 5 de decembro na capela mercedaria. No mesmo acto, que contou coa presenza de numeroso público, a SAF entregou a súa distinción destacando o compromiso da banda coa difusión da música local.

# Doazón ás Angustias dun lenzo de Castro Estévez



O bispo Fernando García Cadiñanos asistiu o pasado día 13 de decembro a bendicir un óleo de Rafael Castro Estévez, no que se representa unha escena da Paixón de Xesús, e que xenerosamente a súa filla, Maribel Castro, decidiu doar á Confraría das Angustias. No acto, o presidente da irmandade, José Ramón Cancelo, agradeceu o agasallo e recordou ao autor da obra, falecido recentemente e coñecido pola súa implicación en numerosas obras sociais. O cadro quedou xa colgado onde permanecerá en adiante, nunha das paredes da capela das Angustias. •

# Recoñecemento veciñal á Semana Santa Ferrolá

O presidente da Xunta de Confrarías, Fernando Iguacel Selle, viaxou o 22 de novembro ata Pontevedra para recoller un dos XII Premios Cogave da Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro. A Asociación de Veciños Roi Xordo, que agrupa a entidades da zona urbana de Ferrol, decidiu este ano recoñecer á Semana Santa e aos Bombeiros. O acto de entrega dos premios




tivo lugar na Finca Batacos, na parroquia pontevedresa de Salcedo, e ao mesmo asistiron tamén, por parte do Concello de Ferrol, os concelleiros Pamen Pieltain e José Tomé.

## Isidoro Valerio, pregonero de la Semana Santa de Ferrol 2026

# "La Semana Santa une, porque ese Ferrol que se vive en la calle contagia y atrae"

Desde que aceptó, y se hizo público, que sería el pregonero de la Semana Santa de Ferrol de 2026, no hay día en el que alguien no le felicite o le comente la importancia de la tarea. El periodista Isidoro Valerio Prego, con cuatro décadas de experiencia en la radio, se confiesa algo abrumado por la responsabilidad y la repercusión del encargo.

► *¿Cómo enfoca la tarea? ¿Ya está escribiendo?*

► Escribo y rompo papeles, cambio de idea... Quiero enfocarlo a que la Semana Santa es probablemente una de las celebraciones de Ferrol que más une a la gente, al margen de su credo o de su ideología. Podríamos compararla con el Xacobeo. En la Semana Santa de Ferrol se une la gente, independientemente de que tenga fe o devoción, simplemente porque ese Ferrol que se vive en la calle contagia y atrae. Es una suma de cosas que une a toda la ciudad.

► *¿Y la música? Es usted el creador de la web Músicas de Ferrolterra, que surgió y se alimenta de una sección del programa de radio Voces de Ferrol, que dirige.*



► Voy a hacer un recorrido por la musicalidad de la Semana Santa en el pregón, porque las formaciones musicales han tenido una evolución enorme. Yo de pequeño vivía en la calle de la Iglesia, y durante al menos tres meses al año, el silencio de las tardes, cuando ya no estaba el bullicio del mercado, se cambiaba por el sonido de los tambores. Yo fui scout y nunca toqué ningún instrumento, pero sentía admiración por las bandas. Oía los tambores y desfilaba por casa, iba a ver cómo ensayaban... Valoro mucho la evolución que han tenido las bandas, me parece que musicalmente son de quitarse el sombrero.

► *Aunque solo se vistió de capuchón un año, su vinculación con la Semana Santa fue más por otros derroteros.*

► Sí, solo salí un año de capuchón siendo un crío, así que mi pregón va a ser el de un ciudadano que ha vivido la Semana Santa un poco desde la galería. Mis años de más vinculación fueron cuando Meca Arcos estaba al frente de la Coordinadora y se estaba preparando la solicitud de Interés Turístico Internacional. Por entonces presenté varios pregones, el de Paloma Gómez Borrero entre otros, y también la presentación de la Semana Santa de Ferrol en Madrid. Luego me fui a trabajar a Coruña y ya no pude colaborar tan estrechamente. Pero a mi es que ver Ferrol en Semana Santa me llena de orgullo y la gente de fuera que viene se sorprende. •

### Experiencia radiofónica

Isidoro Valerio está a punto de cumplir 40 años como periodista radiofónico. Comenzó en 1986 en la Cadena Ser (Radio Ferrol) y trabajó después en Antena 3, en A Coruña primero y después en Lugo. En la ciudad de las murallas comenzó su etapa en Radio Voz, con la que en 1999 volvió a Ferrol para poner en marcha la emisora local. Desde 2002 dirige el programa Voces de Ferrol.

# El Jubileo Diocesano de las Cofradías, un evento para compartir



















Ferrol fue el lugar elegido por la Delegación de Cofradías y Religiosidad Popular de la Diócesis para celebrar, el pasado 8 de noviembre, el Jubileo de las Cofradías. El evento reunió a cofrades de las cinco hermandades de la ciudad, así como de Viveiro, Xuvia, Ortigueira y Burela, la mayoría de ellas penitenciales pero también alguna de gloria. El Cristo Penitencial de Dolores encabezó la procesión que compartieron todos los cofrades, desde la plaza de la Constitución hasta San Julián, donde Monseñor García Cadiñanos celebró la eucaristía. El obispo subrayó que ser cofrade representa una manera concreta de pertenecer a la iglesia y vivir la fe; exhortó a encontrar en la experiencia cofrade un río de paz y gozo, pero también de caridad, y llamó a prescindir de aquello que no va con la experiencia cristiana sino con la mundanidad.

JUNTA GENERAL DE COFRADÍAS Y HERMANDADES DE LA SEMANA SANTA DE FERROL
galicia
FERROL
ABANCA